Beneficios da rede verde

para os comerciantes

A participación dos comercios do municipio de Cambre na **rede de establecementos verdes,** constitúe un avance para conseguir un municipio máis sostible e respectuoso co medio ambiente. As empresas e autónomos do comercio recibirán moitos beneficios como premio ao seu compromiso coa natureza:

- Entrega dun **distintivo** en vinilo para colocar nos seus establecementos e mostrar aos seus clientes.
- Difusión da **Rede Verde** de Cambre dos establecementos adheridos na web do Concello de Cambre, nas redes sociais institucionais e información nos medios de comunicación sobre a evolución e actividades da rede.
- Iniciativas e campañas dirixidas en exclusiva aos establecementos integrados na **Rede Verde** de Cambre.
- Entrega de materiais informativos dixitais e en papel que lles faciliten a implantación das boas prácticas nos seus negocios.
- Asesoramento e información gratuíta sobre axudas e subvencións ás que poden acceder para ser negocios sostibles: implantación de enerxías renovables, eficiencia enerxética…
- Outros beneficios serán: a reducción considerable dos gastos dos seus negocios, a mellora da imaxe pública na sociedade, o acceso a novos mercados e clientes, conseguir unha diferenza competitiva comercial…

Se vostede quere adherirse e formar parte da **Rede Verde,** escanee o siguiente código para coñecer o procedemento que hai que seguir.

para os consumidores

Que implica para min como consumidor acodir a un establecemento que estea adherido a rede de establecementos verdes?

- Estou consumindo ou comprando nun local que ten un compromiso para reducir o seu impacto no medio ambiente, polo que estarei premiando a implantacion das boas practicas ambientais no comercio
- Este distintivo axudarame a tomar decisións de consumo que fomenten estilos de vida máis sostibles, comprometidos co futuro do planeta como a compra de produtos de proximidade, ecolóxicos…
- Fomentarei o comercio local e a presenza dun tecido comercial máis rico e variado no meu concello.
- Intercambiarei información sobre boas practicas ambientais nestes comercios cun trato directo e persoal.
- Estarei participando e contribuíndo a crear un municipio máis sostible e respectuoso co medio natural, o que redundará directamente nunha mellora da calidade de vida veciñal.

REDE VERDE de CAMBRE

Cambre en verde

CAMBRE
Concelleria de Medio Ambiente e Mobilidade

O **comercio local** é o motor da economía das cidades e vilas e está implicado no desenvolvemento destas.

Reactivar a produción e consumo de proximidade incorporando a protección do medio ambiente e a sustentabilidade é unha nova opción que ofrece moitas vantaxes:

- crea emprego,
- ofrece alternativas de consumo,
- proporciona asesoramento directo e trato persoal,
- ten un impacto mínimo nos desprazamentos e na mobilidade,
- capta novos clientes e consumidores e
- contribúe a formar sociedades máis fortes con mellor calidade de vida e unha rede social de relación e apoio mutuo.

REDE VERDE de CAMBRE

naturalmente positiva

Cambre en verde

CAMBRE

A **Rede Verde** é unha iniciativa pública e gratuíta, impulsada pola Concellería de Medio Ambiente e Mobilidade do Concello de Cambre que ten o obxectivo de fomentar a implantación de **boas prácticas ambientais.**

As empresas e autónomos do **comercio local** do municipio de Cambre que queiran unirse deberán comprometerse a reducir o seu impacto ambiental nos seus establecementos comerciais.

Este compromiso ambiental achegará unha redución de custos e unha mellora da imaxe ante os consumidores e será premiado cun distintivo de calidade que poderán expoñer nos seus comercios.